

***Intervención do Compañeiro Evaristo Lombardero, na concentración do MODEPEN celebrada en Ribadeo, o 3 de decembro de 2022.***

Bos días compañeiros e compañeiras. Como hoxe é sábado do último mes de 2022 queremos facer un breve repaso das actividades que tivemos este ano e, de algún xeito, falarmos dos plans para o 2023.

Nunca poderemos estar totalmente satisfeitos mentres non se consigan definitivamente, e se asenten de unha maneira estable, tódalas reivindicacións que temos pendentes e moito menos pasarnos a man polo lombo dicindo que somos mais listos ou mellores que os demais, pero non é ningunha falsidade recoñecer que o 2022 non foi un mal ano para os movementos e plataformas de pensionistas do estado español.

En primeiro lugar porque saímos bastante airosos de unha gravísima crise social e política derivada da pandemia e da chantaxe permanente das dereitas e o seu aparato mediático, das multinacionais, particularmente da enerxía, da banca, das guerras, e de todo o contexto sociopolítico que deriva nun sistemático acoso ao estado de benestar, ca suba escandalosa do custo da vida das clases traballadoras e os intentos de privatizar ata o aire que respiramos.

En segundo lugar porque mantivemos e recuperamos grandes espazos de unidade e de mobilización que de algún xeito estivo na corda frouxa nos dous anos anteriores e en terceiro lugar porque fomos quen de dar resposta a tódalas propostas do goberno e concretamente de Escrivá, que en moitos aspectos tivo que dar marcha atrás aos proxectos de privatización do sistema de pensións e finalmente aprobar unha suba arredor do 8.5% que aínda que está lonxe de ser unha solución aos problemas das pensións mais baixas é moi superior ao que teríamos se nos quedásemos na casa e por suposto se gobernase o trifachito do PP-VOX-CIUDADANOS.

Ao longo de este ano fomos a Madrid a unha concentración no mes de Abril a presentar mais de 300.000 sinaturas recollidas en todo o estado para esixir a auditoría de contas da Seguridade Social, aquela foi unha concentración nas Cortes con representantes de todo o estado e con varios deputados de distintos partidos que apoiaron as nosas reivindicacións, pero o maior éxito do ano foi a manifestación masiva do 15 de outubro, tamén en Madrid con unha participación de preto de

50.000 persoas esixindo a suba das pensións de acordo co IPC real e non co medio como propón Escrivá.

Polo medio tamén debe subliñarse un acordo entre o goberno e Bildu para unha suba dos 15% nas pensións non contributivas que sen ser a panacea tampouco é desprezable porque para a maioría vai supoñer unha suba duns 700 euros ao ano. Quero insistir no que dixen ao primeiro, en absoluto citar estas cifras é para darnos xabón, pero o feito é que sen a nosas mobilizacións non se houbo conseguido nada de nada e xa non digamos se lembramos unha vez o 0,25 de Mariano Rajoy.

Lembraremos tamén a manifestación de Santiago do pasado 19 de novembro na que participaron diferentes colectivos sociais e algún sindicato aínda que non nos apoiaron os sindicatos maioritarios. Nesta xornada procurábase unha mobilización pola defensa do estado de benestar conxunta en mais de 50 localidades do estado español, esixindo unha vida digna, a contención da suba do custo da vida para que se pare a sangría da perda de poder adquisitivo das clases traballadoras e pensionistas, a denuncia do deterioro e privatización dos servizos sociais e sanitarios, a suba das pensións e do salario mínimo ata o 60% do salario medio como esixe a Carta Social Europea, un paquete de medidas urxentes para superar a fenda de xénero en salarios e pensións e sobre todo poñer en primeiro plano que a mobilización e a loita unitaria son a única ferramenta eficaz a curto e longo prazo para defender os dereitos das maiorías traballadoras fronte a voracidade obscena do gran capital.

Lembraremos tamén que hai uns meses fixemos unha estimación do que suporía unha suba das pensións en Ribadeo dun 10% e saíame unha cifra dun achegamento de capital de 3.750.000 euros para o 2023. Agora co 8,5% saen uns 3.200.000 euros aproximadamente. Naturalmente estes ingresos van repercutir sobre todo no consumo local de produtos de primeira necesidade, polo tanto danos pé para insistir en que o noso movemento e as nosas reivindicacións non son exclusivistas e teñen un impacto social que se fai extensivo a todos os sectores da economía local e de al que debemos explicalo para que se entenda que os nosos intereses en gran medida coinciden cos da maioría da veciñanza e non só porque os futuros pensionistas tamén se van beneficiar das nosas mobilizacións no futuro, senón porque agora mesmo xa benefician a amplos sectores da nosa comunidade.

Deixo para o final dous comentario que tamén fixemos anteriormente e que van ser algúns dos nosos obxectivos no 2023.

A auditoría das contas da Seguridade Social que foi aprobada por lei o 28 de decembro de 2021 e que obrigaba ao goberno a nomear unha comisión de traballo no prazo de un mes e ter un informe no prazo de seis meses.

Pero o goberno segue mareando a perdiz e aínda non se nomeou a comisión de traballo que xa tiña que estar funcionando dende xaneiro deste ano. A lei esixía e esixe a auditoría das contas da caixa de pensións dende 1967 ata 2019 e hai cálculos de un grupo de economistas que estiman que a derivación de fondos da caixa de pensións para financiar actividades de diverso tipo pode superar os 800.000 millóns de euros.

As plataformas de pensionistas reclamamos que a auditoría ten que facela o Tribunal de Contas, un organismo autónomo dentro do estado, pero Escrivá pretendía que a faga a propia Seguridade Social (o organismo a auditar). ou mais recentemente, unha consultora privada. A nosa oposición derívase da sospeita de que pode haber unha manipulación á baixa xa que despois de coñecerse os resultados poderíase esixir a devolución deses fondos subtraídos da caixa das pensións ao longo de case que 50 anos. Lembremos que esta auditoría foi esixida polo movemento de pensionistas xa no 2019, e despois asumida polo Pacto de Toledo e polos sindicatos maioritarios. A importancia desta auditoría é doada de entender: cando se faga quedará demostrado definitivamente que todos os bulos de que o sistema público de pensións non é sostible son absolutamente falsos e este sistema podería ser perfectamente compatible ca economía española se non se roubasen miles e miles de millóns achegados polas cotizacións de tantos anos, e as débelas débense a esa práctica depredadora que levou en tempos de M. Rajoy a transferir aos bancos mais de 63.000 millóns de euros no ano 2008. Dos que por certo so se devolveron catro mil Polo tanto para que se consolide o sistema público de pensións e se rexeite definitivamente calquera proxecto de privatización seguiremos loitando por que se faga canto mais axiña a auditoría das contas da seguridade social e que esta sexa feita con rigor e transparencia para que saian a luz pública todos os roubos que se viñeron facendo ao longo de tantos anos da caixa dos pensionistas.

O segundo asunto que quero comentar agora é o proxecto de Escrivá de prolongar o período de cómputo para o cálculo das pensións. Estamos en contra de esa ampliación porque vai supoñer unha perda de ingresos para os futuros pensionistas, afectando especialmente ás mulleres que non tiveron oportunidade de incorporarse ao mercado de traballo externo pola súa dedicación á familia e aos coidados, que son traballos que non serían avaliados no proxecto de Escrivá que sería o causante dunha maior fenda de xénero.

Estamos xa que logo diante de un novo ano no que seguiremos traballando e mobilizándonos polos obxectivos que viñemos defendendo en anos anteriores: pensións dignas que permitan unha calidade de vida xusta, suba anual das pensións de acordo co IPC real, pensión e salario mínimo do 60% do salario medio como recomenda a Carta Social Europea, non á fenda de xénero, non aos plan de pensións privatizados de empresa, auditoría de contas da seguridade social para coñecer as retiradas de fondos fraudulentas ao longo de 50 anos, dereito á saúde e a unha asistencia médica correcta sen recortes nin privatizacións.

E aquí temos que denunciar a último invento da Xunta de Galicia, que é copia do que implantou Ayuso en Madrid, e que son os servizos de urxencias sen médicos coa desculpa de que non hai este tipo de facultativos; sen embargo, está perfectamente estudado que o persoal sanitario tanto médico como de enfermería vaise do sistema público pola precariedade e inestabilidade no, e esa política de persoal responde a unha estratexia de disolución e debilitamento do sistema público para favorecer o crecemento do privado.

Defendemos tamén o dereito a unha alimentación san e equilibrada rexeitando as candeas industriais que producen comida-lixo e son unha das primeiras causas de cancro, esiximos un plan e un compromiso político e económico de atención a dependencia, en primeiro lugar a través de institucións públicas onde todo o persoal se sinta seguro e estable con uns salarios, unha formación profesional e unhas condicións laborais dignas e un incremento dos investimentos do 0,7 actual ao 1,7 que é a media europea para achegarse ao 3% do PIB que é a media dos Países Nórdicos. En fin seguiremos esixindo unha educación pública de calidade e un parque público de vivendas de alugueiro a presos 'castos para xoves e clases traballadoras veñan de onde veñan.

Compañeiros e compañeiras:

**GOBERNE QUEN GOBERNE AS PENSIONS E OS SERVICIOS  
PÚBLICOS DEFÉNDENSE !!!**